

CONVOCATORIA DE AXUDAS EN MATERIA DE ACOLLIDA TEMPERÁ DE ALUMNOS EN CENTROS ESCOLARES CURSO 2023-2024

1. Bases Reguladoras

Estas subvencións rexeranse polo establecido na presente convocatoria, nas bases de execución do orzamento, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; no Regulamento Xeral da Lei de Subvencións aprobado por Real Decreto 886/2006, do 21 de xullo; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; no Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas; na Ordenanza Reguladora e nas restantes normas de dereito administrativo que no seu caso sexan aplicables, e na súa falta, as normas de dereito privado.

As bases reguladoras da concesión destas subvencións están contidas na Ordenanza Reguladora da concesión de axudas para a acollida temperá de alumnos/as en centros escolares aprobada con data 29 de outubro de 2020, e publicada no B.O.P nº 299 de data 30 de decembro de 2020.

O procedemento para a concesión destas subvencións será en réxime de concorrencia competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo con os criterios de valoración establecidos nesta convocatoria, adxudicando, co límite fixado no punto seguinte, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

En caso de insuficiencia do crédito destinado ao abono destas axudas, a Comisión á que se refire a Base Décimo cuarta, valorará os méritos dos/as solicitantes das axudas de acordo con a documentación achegada e determinará os/as beneficiarios/as das axudas de forma que non se supere o límite do importe do crédito destinado a este fin, podendo prorratear o importe entre todos os beneficiarios/as que cumpran os requisitos.

2. Créditos Orzamentarios

A aplicación orzamentaria á cal se imputarán as subvencións concedidas é a 323.480 do orzamento vixente para o exercicio 2024 e a contía total máxima das subvencións convocadas é de 3.000 €.

3. Obxecto, Condicións e Finalidade da Concesión da Subvención

A subvención ten por finalidade a concesión de axudas destinadas a financiar a acollida temperá de estudantes en centros escolares para o alumnado de 3 a 16 anos empadroados no municipio de San Cibrao das Viñas.

A contía máxima da axuda por cada alumno será de 150 euros por curso académico no presente exercicio.

A concesión das axudas contempladas na presente convocatoria suxeitarase aos principios de publicidade, transparencia, concorrência, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como a eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

4. Requisitos para Solicitar a Subvención

Estas axudas están dirixidas a unidades de convivencia con nenos de 3 a 16 anos, empadroados neste concello, que utilicen o servizo de acollida temperá de alumnos en colexios e que cumpran os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora e nas presentes Bases. A solicitude desta subvención deberá estar asinada polo pai/nai, titor/a ou representante legal do alumno, e a súa presentación implicará que acepta as bases da convocatoria, cumpre cos requisitos establecidos na mesma e que os datos indicados na solicitude son certos.

1.- Requisitos:

- a) Idade mínima de 3 anos e máxima de 16 anos.
- b) Estar empadroados, cunha antigüidade mínima de dous anos previa á solicitude, todos os membros da unidade familiar no Concello de San Cibrao das Viñas. O Concello comprobará de oficio o empadramento e a antigüidade no mesmo.
- c) Estar matriculado/a en centros públicos/privados ou concertados no curso académico obxecto da convocatoria.
- d) Que a unidade familiar estea ó corrente no pago dos impostos municipais. O Concello comprobará de oficio este punto.
- e) Os ingresos da unidade familiar no ano anterior á convocatoria, en función dos membros computables, non deben superar os limiares máximos establecidos nas base cuarta.

Membros computables da unidade familiar:

Terán consideración de membros computables da unidade familiar:

- . Pais non separados ou divorciados legalmente ou, no seu caso, o titor ou titores do estudante.
- . Fillos menores de idade, fóra dos emancipados. Terán a mesma consideración que os fillos as persoas en situación de tutela ou acollemento temporal permanente ou preadoptivo legalmente constituídas.
- . Fillos maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente, sempre que estean suxeitos á patria potestade ampliada ou rehabilitada.

- . Fillos solteiros menores de 25 anos que viven no fogar familiar.
- . Os pais legalmente separados ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
- . A persoa que, por causa dun novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación de afecto similar ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar co proxenitor do alumno, salvo en casos de custodia compartida.

Non será considerado un membro computable:

- . O pai que non conviva co alumno en casos de separación legal ou divorcio, excepto no caso de custodia compartida.
- . O agresor en casos de violencia de xénero.

En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar ó 31 de decembro do exercicio anterior ó da solicitude da convocatoria, salvo no relativo á violencia de xénero, nese caso aplicarase o disposto na lexislación específica.

Incremento de unidade familiar a efectos de calcular o R.P.C.

- . Contarase un membro máis no caso de que algún deles teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%.
- . Tamén se contabilizará como un membro máis no caso de familia monoparental, entendida como a formada pola nai ou o pai que convive co fillo, constituíndo o sostén único da familia.

Acreditarase mediante o Certificado de monoparentalidade da Xunta de Galicia.

2.- Non poderán beneficiarse desta axuda:

- Os estudantes que cursen estudos en academias ou estudos non regrados ou non homologados.

3.- Os proxenitores/as ou titores/as legais do estudante/para deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións. e 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Todos os requisitos deberán ser cumpridos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

5. Órgano Competente para a Instrución e Resolución do Procedemento

O órgano competente para a instrución do expediente é o/a concelleiro/a delegada da área de Cultura e Muller.

Este/a solicitará cuantos informes estime necesarios para resolver, así como avaliar as solicitudes que se presenten en tempo e forma, todo iso de conformidade co artigo 24 da Lei 38/2003, do 14 de novembro, Xeneral de Subvencións.

A valoración das solicitudes corresponderá a unha comisión de avaliación, composta por:

- A Alcaldesa - Presidenta.
- O/a Concelleiro/a Delegada de Cultura e Muller.
- Un/a funcionario/a municipal designado pola Alcaldía.

Son funcións da Comisión Técnica de Valoración a interpretación das bases reguladoras, a avaliación da documentación e a proposta de concesión e denegación das axudas convocadas, a comprobación da documentación presentada para xustificar as axudas concedidas e analizar e propoñer aquelas cuestións ou circunstancias excepcionais, que poidan suscitarse ao longo do proceso de tramitación de axudas convocadas, sen prexuízo dos informes xurídicos ou doutra índole que procedan.

6. Presentación de Solicitudes e Documentación

As solicitudes, debidamente cumprimentadas e dirixidas ao Alcaldesa - Presidenta da corporación, presentaranse preferentemente a través do rexistro electrónico dispoñible na sede electrónica deste Concello [http:// sancibrao.sedelectronica.es](http://sancibrao.sedelectronica.es), descargando a Instancia (Anexo I) que deberá ser asinada polo/a solicitante (pai, nai, titor/a legal,...) por calquera dos sistemas de firma electrónica establecidos nos artigos 9 e 10 da lei 39/5015, do 1 de outubro e enviadas polo procedemento electrónico establecido, quedando así presentada para todos os efectos.

No caso de non dispoñer o solicitante de sistema de firma electrónica poderase presentar no Rexistro de Entrada do Concello sen prexuízo do disposto no artigo 16 da lei 39/20015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Adxunta á solicitude acompañarase a documentación que se indica a continuación:

- a) Copia do DNI/NIE/PASAPORTE do/a solicitante (pai, nai, tuto/a,... do alumno).
- b) Fotocopia compulsada do libro de familia ou, na súa falta, documento legal que acredite quen ten a custodia en caso de non ser compartida.
- c) Acreditación de obter praza escolar e utilizar o servizo de acollida temperá, expedida polo centro educativo ou entidade que realice o citado servizo.

- d) Documentación acreditativa da titularidade da conta bancaria do solicitante para o ingreso da axuda.
- e) Declaración formal das subvencións solicitadas e concedidas doutras institucións públicas ou privadas para esta mesma finalidade (Anexo II).
- f) Facturas orixinais que cumpran os requisitos legais, xustificantes de pago do servizo de acollida temperá e conta xustificativa conforme ao (Anexo IV). Achegaranse ao finalizar o curso académico para a súa comprobación.
- g) Fotocopia da declaración da renda correspondente ó exercicio anterior ó da solicitude dos membros da unidade familiar que estivesen obrigados a iso, ou na súa falta, certificación negativa de non realizar dita declaración expedida pola Delegación de Facenda. No caso de que existise situación de desemprego, certificación de alta como desempregado expedida polo organismo competente e se se estivese recibindo unha pensión en calquera das súas modalidades achegarase certificación expedida pola Tesourería da Seguridade Social. Poderanse solicitar xustificantes económicos de todos os membros da unidade familiar, referidos ó período computable: nóminas, contratos de traballo, recibos de pensións, certificado de vida laboral, certificados negativos de pensións e prestacións, recibos de cotas da seguridade social... ou calquera documentación que corresponda a cada caso e que xustifique a situación económica.
- h) Certificados de estar ó corrente das obrigacións tributarias coa Axencia Tributaria, (estatal e autonómica) e coa Seguridade Social.
- i) Declaración de non estar incurso en ningunha das prohibicións establecidas no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións e 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia (Anexo III).

Se se presentan solicitudes para varios irmáns aínda que se deberá formalizar unha solicitude para cada un deles, a documentación para achegar só será necesario achegala a unha das solicitudes.

Poderanse realizar as comprobacións necesarias polos medios que se estimen oportunos. De comprobarse falseamento ou ocultación de datos, iso poderá dar lugar á anulación da axuda concedida e o seu posterior reintegro.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles a contar desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma de convocatoria, o órgano competente requirirá ao interesado para que a emende no prazo máximo e improrrogable de 10 días, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude.

7.- Réxime de protección de datos achegados coa solicitude:

1. O tratamento polo Concello de San Cibrao das Viñas dos datos persoais achegados polos solicitantes basease no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 8 da Lei Orgánica 3/2018, de Protección dos Datos Persoais e Garantías dos Dereitos Dixitais, ó ser a achega dos datos e información esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes de acordo co indicado nas propias bases. En consecuencia, a negativa para facilitar estes datos ao Concello de San Cibrao das Viñas determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase ós interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é o Concello de San Cibrao das Viñas, cuxo representante legal é a súa alcaldesa, dona Marta Nóvoa Iglesias, con domicilio, a efectos de notificacións, en Praza da Constitución, nº 1, 32911, en San Cibrao das Viñas, teléfono de contacto 988381034 e correo electrónico: info@sancibrao.es

b) O delegado de protección de datos do Concello de San Cibrao das Viñas pode contactarse polos seguintes medios: info@sancibrao.es

c) Os datos cubertos coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario, e para a valoración da súa solicitude. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións, 15 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia e Bo Goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, será obxecto de publicación, ademais de no Boletín Oficial da Provincia, na Base de Datos Nacional de Subvencións, e no portal de transparencia do Concello de San Cibrao das Viñas. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.sancibrao.es. É as actas da comisión de valoración, o trámite de audiencia e a resolución do concurso, nas que se reflectirán as puntuacións obtidas polos solicitantes. As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos desde a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de forma motivada a publicación de oficio polo Concello de San Cibrao das Viñas ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ó responsable do tratamento.

En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente estarán ó dispor doutros interesados no procedemento ós efectos da formulación de reclamacións ou interposición dos recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigacións legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración Pública que concede (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida con esta convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos entregados ó Concello de San Cibrao das Viñas serán tratados exclusivamente polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva. Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ó resto de solicitantes ou os seus representantes legais, cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.

- Ós membros da Corporación que o soliciten, ós xulgados e tribunais, a efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ó Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ó amparo do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia e Bo Goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na devandita lei.

f) En ningún caso transferiranse os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos conservaranse nos arquivos do Concello de San Cibrao das Viñas de forma indefinida, ós únicos efectos da súa conservación conforme ó disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Alcaldía o acceso ós seus datos, así como a súa rectificación, no seu caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos devanditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ó tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido a alcaldesa do Concello de San Cibrao das Viñas.

De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos presentados no Concello de San Cibrao das Viñas neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

k) A falta de subministración ó Concello de San Cibrao das Viñas dos datos persoais requiridos, ó constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

l) En ningún caso procederase á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos entregados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes ós expresamente previstos nesta cláusula.

8. Proposta de resolución provisional, resolución definitiva, prazos e notificación

Unha vez avaliadas as solicitudes, e realizada a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, será notificada aos interesados concedéndolles un prazo de 10 días para presentar alegacións.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren en procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

Tras examinar as alegacións se as houberse, formularase a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectualas.

Unha vez aprobada a proposta de resolución definitiva, o órgano competente resolverá o procedemento. A resolución, ademais de conter o solicitante ou relación de solicitantes aos que se concede a subvención, fará constar, no seu caso, de maneira expresa, a desestimación do resto das solicitudes.

De conformidade co que se dispón no apartado 7 do artigo 30 da Lei Xeral de Subvencións, a concesión das axudas que se convoquen non requirirá outra xustificación, que a acreditación previa á concesión de que as persoas solicitantes reúnen os requisitos establecidos nestas Bases.

A resolución da concesión ou denegación notificarase ós interesados e publicarase na sede electrónica (sancibrao.sedelectronica.es)

O pago das axudas efectuarase mediante transferencia bancaria, a favor dos solicitantes que haxan resultado beneficiarios/as, no número de conta facilitado na documentación obrigatoria presentada xunto coa solicitude, previa comprobación dos recibos achegados, satisfacéndose ata o total do gasto real presentado cun máximo de 150 € por solicitude no presente exercicio.

O prazo de resolución e notificación será de 3 meses.

O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexitima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

9. Fin da Vía Administrativa

O acto de resolución da concesión ou denegación da subvención esgota a vía administrativa.

De acordo con o que dispoñen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a devandita resolución poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldesa deste Concello, no termo dun mes para contar desde o día seguinte da recepción da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ó da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

10. Criterios de Valoración de Solicitudes

As axudas serán concedidas a aqueles/as solicitantes que cumpran cos requisitos recollidos no punto 4 da presente convocatoria tendo en conta o seguinte:

Umbrals máximos do nivel de renda: os ingresos da unidade familiar no ano do curso escolar, en función dos membros computables da unidade familiar, non deben de superar os seguintes límites máximos:

Número de membros da unidade familiar	Umbral Máximo
U. F. de dous membros.....	18.000,00
U. F. de tres membros.....	27.000,00
U. F. de catro membros.....	36.000,00
U. F. de cinco membros ou máis	45.000,00

11. Obrigações da persoa beneficiaria

Son obrigacións da persoa beneficiaria:

1. Presentar de forma correcta, completa e veraz a documentación requirida nas presentes bases.
2. Comunicar ó Concello a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entidade pública (no mesmo modelo de solicitude, salvo que se obtivo con posterioridade).
3. Comunicar ó Concello a non utilización do servizo.

12. Control sobre o cumprimento da finalidade e verificación das bolsas concedidas.

Finalizado o curso, a administración poderá a efectos da comprobación do cumprimento da finalidade da axuda e da non alteración das condicións, solicitar a achega de documentación adicional.

13. Causas da perda da condición de persoa beneficiaria.

Perderase a condición de beneficiario das axudas concedidas:

1. Cando se deixe de estar empadroados no municipio de San Cibrao das Viñas, ben o alumno, o pai, a nai ou titores legais, durante calquera período do curso escolar. Esta comprobación realizarase internamente previo ó pago desta axuda.

2. Cando quede acreditado o incumprimento dos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións e 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.
3. Cando se produza a baixa definitiva no centro docente.
4. Por renuncia voluntaria da persoa solicitante.
5. Cando deixe de utilizar o servizo de acollida temperá.

14. Alteracións das condicións.

Calquera alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a concorrencia de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entidades públicas ou privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

15. Reintegro

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora desde o momento do pago da subvención nos seguintes casos:

1. Cando se obtivo a subvención sen reunir as condicións requiridas.
2. Cando se omitiu o cumprimento das obrigacións.

16. Medios de notificación ou publicación

As notificacións practicaranse no lugar e polo medio que o solicitante faga constar para ese efecto na solicitude, tendo en conta o establecido para estes efectos no artigo 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

San Cibrao das Viñas, a data da firma electrónica.

A alcaldesa,

Marta Nóvoa Iglesias

ANEXO I

 Concello San Cibrao das Viñas	Solicitud para concesión de subvencions en materia de acollida temperá de alumnos/as en centros escolares	Nº de exp.	1/1
--	---	--------------------------	-------------------

Solicitante pai, nai ou titor legal:			
Nome e Apelidos			DNI
Lugar de nacemento			Data de nacemento
Enderezo		Cod. postal	Poboación
Teléfono	Enderezo electrónico		
Alumno/a:			
Nome e Apelidos			DNI
Lugar de nacemento			Data de nacemento
Enderezo		Cod. postal	Poboación
Teléfono	Enderezo electrónico		
Expoño			
- Que cumpro todos os requisitos exixidos nesta convocatoria de subvencions ano 2023/2024 - Que asumo todos os compromisos reflexados en dita convocatoria - Que achego a documentación exixida nesta.			
Solicito			
- A concesión da subvención en materia de acollida temperá de alumnos/as en centros escolares			

O que asino de maneira responsable

En San Cibrao das Viñas, ____ de _____ de 20__

EXCMO. SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS

Concello de San Cibrao das Viñas

Praza da Constitución, 1, San Cibrao das Viñas. 32911 (Ourense). Tfno. 988 381 034. Fax: 988 381 101

ANEXO II

Declaración

Don / Dona
DNI

--	--

Declaro: *(marcar cunha x).

- ☐ Non solicitei nin, en consecuencia, me foi concedida ningunha axuda para o mesmo fin, sexa pública ou privada.
- ☐ Presentei as seguintes solicitudes e fóronme concedidas as seguintes para o mesmo fin:

Organismo ou entidade ó que solicita	Data da solicitude	Concesión*	Contía

* En caso de solicitudes denegadas, farase constar "denegada".

No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase "pendente" na columna.

San Cibrao das Viñas, ____ de _____ de 2024.

Concello de San Cibrao das Viñas

Praza da Constitución, 1, San Cibrao das Viñas. 32911 (Ourense). Tfno. 988 381 034. Fax: 988 381 101

ANEXO III

Declaración responsable de non estar incurso en prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións

Don/Dona.....
....., NIF....., en nome propio, ou en representación de
don/Dona....., NIF.....,

En virtude do disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e considerando os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, así como as bases reguladoras desta convocatoria de subvención, declaro responsablemente ante o Concello de San Cibrao das Viñas, e para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos para ser beneficiario/a da subvención solicitada e posteriormente proceder ó cobro desta.

Que non me atopo incurso/a en ningún dos supostos establecidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

_____, _____ de _____ de 2024

Fdo.:

DECLARACION DE GASTOS (Anexo IV)

DATOS SOLICITANTE:

Pai /nai ou titor legal	NIF

NOME DO ALUMNO/A	NIF

DECLARA OS SEGUINTES GASTOS:

ACREEDOR	NIF	Nº FAC.	CONCEPTO	IMPORTE	DATA EMISION	DATA DE PAGO
			TOTAL			

Sinatura da persoa solicitante ou representante

En _____ , ____ de _____ de 202__

Concello de San Cibrao das Viñas

Praza da Constitución, 1, San Cibrao das Viñas. 32911 (Ourense). Tfno. 988 381 034. Fax: 988 381 101